

Camiños da Franqueira. 2

O camiño da Fe

Capela de Santa Lucía, Vilasobroso á Franqueira (16 Km)

Benqueridos amigos, esta nova iniciativa quere ser unha resposta ás inquedanzas de moitos peregrinos que acoden á Franqueira e que queren coñecer un pouco máis a súa historia. Este segundo camiño que sinalamos, de xeito moi sinxelo, lévavos desde a capela de Santa Lucía, na parroquia de Vilasobroso ata a Franqueira. Queremos ir “bautizando” os camiños, non con elementos so históricos, senón, tamén ir facendo un proxecto no que fagamos nos diversos camiños da Franqueira, distintos aspectos da vida cristiá (Fe, Esperanza, Caridade, Igrexa, Oración,...). Esperamos ver este traballo concluído en vindeiros anos.

Pero antes de coñecer o itinerario, ¿qué necesitamos?.

- 1º: Calzado axeitado para camiñar e demais elementos, un bastón, ou un pao, gorra se fai sol ou chufasqueiro por se chove.**
- 2º: Auga suficiente para todo o camiño, e se ides pasar parte do día, non está de máis levar algo xantar para repoñer forzas.**
- 4º Chaleco refrectante**
- 5º: O camiño a seguir está marcado con frechas de cor azul.**
- 6º: Bo ánimo e apertura do corazón para renovar a fe.**

Capela de Santa Lucía, Vilasobroso

Na estrada 120 en dirección A Cañiza, pasado o núcleo de poboación de Vilasobroso, podedes ver á dereita un conxunto de construcións. As escolas antigas; de pedra e con soportais; a seguir, a capela de Santa Lucía; tamén de pedra, de nova factura

seguindo a construción das capelas antigas; e o campo da festa e o campo de fútbol. Ó lado da capela hai unha villa de auga. Diante desta capela comezamos o camiño. É bo encomendármonos á Virxe para que nos acompañe nesta peregrinación. Bordeando o campo da festa chegamos ó camiño que sube ó campo de fútbol. Tamén o rodeamos e damos coa antiga capela de Santa Lucía, agora dedicada á Virxe de Fátima. Agora xa é case todo pista de terra ata Mouriscados. Non ten perda. Despois dun bo treito (1,5 Km) chegamos ó campo de fútbol de Cumiár. Hai unha fonte para repoñer forzas e beber un pouco de auga. Seguimos pola esquerda bordeamos máis adiante unha plantación de castiñeiros que quedan á esquerda. No cruce, onde está un campo de fútbol en desuso, collemos á dereita, máis adiante collemos á esquerda. Está indicada a área arqueolóxica de Campo do mouro, nós temos que ir en sentido contrario. Collemos un camiño fondo que nos leva directamente ó campo da festa do Mouriscados.

Mouriscados

Alí hai un fermoso cruceiro e un peto de ánimas. Seguimos ata a igrexa. O patrón é San Cibrán e ten no seu interior fermosos retablos barrocos, sobre todo o maior, con magníficas imaxes de dos Santos Pais da Igrexa, San Xerome, San Agostiño e San Cibrán. Vale a pena entrar se está aberta. Continuamos de fronte, ata o cruce, alí seguir pola antiga estrada que é costeira e bordea e que é paralela á actual. Chegados á fin deste tramo collemos un camiño que vai tamén paralelo á estrada, é mais cómodo que ir polo asfalto. No remate deste tramo cruzamos o enlace de Uma, onde hai un paso de peóns. Seguimos a estrada actual ata unha fonte cun pilón. Aquí podemos ter dúas opcións.

Dúas opcións de camiño

1ª máis corta (4 Km): Pola estrada ata pasar Cebreiro. Dura, chegades antes, pero ten moito tramo de estrada

Seguir a estrada en dirección á Franqueira, é 1 Km ata o cruce do enlace da autovía. É unha subida dura, sobre todo con calor. Cruzar o enlace tomando a subida cara O Cebreiro, este tramo é duro, ata que chegas a unha bifurcación. Tomar o ramal da dereita que nos conduce ó centro do Cebreiro. Pasado o pobo, onde tamén hai un pilón con auga potable, subir ata que hai a entrada, á dereita dun camiño, chámase As Breas, aquí comeza o camiño vello, que está en gran parte con formigón. Seguir o camiño, pasaredes por unha cruz, a cruz de San Sebastián, onde antigamente había unha ermida. Ó superar unha zona de carballos, seguindo o camiño, chegades á parte baixa da Franqueira. Este camiño que percorremos é o antigo Camiño Real que unía a costa con Castela. O muro que tedes á dereita é a antiga muralla do Mosteiro. Benvidos ó Santuario da Nosa Señora da Franqueira.

2ª. Moito máis longa (7 Km): Indo polo monte ata Parada da Franqueira, bordear o Río Uma e enlazar con camiño de Cebreiro.

Sse non estades moi cansos e queredes ver paixase, tardaredes máis pero vale a pena o esforzo

Desde a fonte, onde convén coller auga para o camiño, na que nos atopamos, tomamos o camiño que vai á dereita, vese que vai cara abaixo. É unha longa pista forestal que chega a Parada da Franqueira. As vistas sobre o val do Uma, o val do Tea e ata se chega a ver nun día limpo o río Miño e a súa desembocadura. É un camiño moi fácil ata o último tramo, que é costeiro. Despois de uns dous quilómetros chegamos a Parada da Franqueira. Pola parte de abaixo da estrada hai unha fonte. Seguimos de fronte e moi chan

pasando todo o pobo. Na fin das casas hai outra fonte de auga moi fresca. Convén encher auga pois ata a Franqueira non hai máis fontes. Despois duns 200 metros está o túnel que pasa por debaixo do enlace da autovía.

Aquí hai unha alternativa un pouco máis corta que a que vos propoñemos despois. *(podedes seguir de fronte. Ten un primeiro tramo moi duro ata que se chega a unhas casas que se chama O Cocho, aí, podedes seguir polo camiño vello que hai de fronte e que vai dar á Franqueira, non ten perda)*

Pero se seguimos á dereita desde o túnel damos, despois de outros 500 metros, co río Uma. Cruzades e á esquerda está o túnel polo que pasa o río e outro túnel con unha pista, seguides por aí e atopades un muíño á esquerda, podedes parar a ver esta pequena construción da nosa aldea. Continuades todo de fronte polo camiño ancho. Ó lado dereito tedes a autovía, ó lado esquerdo o río. O camiño na súa fin cruza o río e xa colledes o camiño que está con formigón que vos leva ata a Franqueira. Non ten perda, é todo seguido ata que enlaza co que entra de Cebreiro. Seguir o camiño, pasaredes por unha cruz, a cruz de San Sebastián, onde antigamente había unha ermida. Ó superar unha zona de carballos, seguindo o camiño, chegades á parte baixa da Franqueira. Este camiño que percorremos é o antigo Camiño Real que unía a costa con Castela. O muro que tedes á dereita é a antiga muralla do Mosteiro. Benvidos ó Santuario da Nosa Señora da Franqueira.

O noso desexo é o de facer un pequeno servizo ó peregrinos da Virxe da Franqueira. Esperamos que estea adecuadamente explicada esta pequena guía, pero se tedes algunha dúbida podedes poñervos en contacto co Santuario.

986.69.79.68/ 609.47.25.91, info@afranqueira.org

Moitas gracias e bo camiño.

